

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ENERXÍA, TURISMO E AXENDA DIXITAL

**556** *Real decreto 4/2018, do 12 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos de Telecomunicación (COITT).*

O Decreto 332/1974, do 31 de xaneiro, autorizou a constitución do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos de Telecomunicación e os primeiros estatutos foron aprobados polo Decreto 1251/1976, do 8 de abril.

O Real decreto 418/2006, do 7 de abril, aprobou os estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos de Telecomunicación e derogou os estatutos aprobados polo Decreto 1251/1976, do 8 de abril.

O 19 de febreiro de 2008, o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso contencioso-administrativo n.º 43/2006 interposto polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación contra o Real decreto 418/2006, do 7 de abril, antes mencionado, na cal se acordou: «Decidimos. Que declaramos estimado o presente recurso contencioso-administrativo n.º 43/2006, interposto polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación contra o Real decreto 418/2006, do 7 de abril, polo que se aproban os estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos de Telecomunicación, e debemos declarar a súa nulidade por ser contrario a dereito». Estes estatutos mantéñense vixentes polo efecto suspensivo do recurso de casación para a unificación da doutrina interposto polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicación (COITT).

Ademais, os cambios introducidos pola Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, incorporada ao noso ordenamento a través da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e a través da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que modifica no seu artigo 5 a Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, así como a incidencia da Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, fan necesario adaptar os estatutos do Colexio. Así mesmo, cómpre recoller os cambios derivados do Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.

O Colexio Oficial, oídos os decanos das demarcacións e logo de ratificación da Xunta Xeral, elevou a proposta de novos estatutos á consideración do que hoxe é Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, de acordo coas previsións do artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia que o artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución lle atribúe ao Estado e de conformidade co establecido no artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de xaneiro de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación dos estatutos.*

Apróbanse os estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos de Telecomunicación, que figuran a seguir deste real decreto.

Disposición transitoria única. *Inscrición de sociedades profesionais*

As sociedades profesionais que non fosen inscritas no Rexistro deberán solicitar a súa inscrición no prazo de nove meses contados a partir da entrada en vigor destes estatutos, e os seus socios serán responsables do incumprimento desta obriga.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*.

Queda derogado o Real decreto 418/2006, do 7 de abril, polo que se aproban os estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos de Telecomunicación.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial*.

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Salvagarda das competencias autonómicas*.

A regulación contida nos estatutos aprobados mediante este real decreto establécese sen prexuízo da que resulte en caso de que as comunidades autónomas, en virtude das competencias que teñen atribuídas en materia de colexios profesionais, constitúan colexios de enxeñeiros técnicos de telecomunicación ou consellos autonómicos nos seus respectivos territorios.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*.

Este real decreto e os estatutos que se aproban entrarán en vigor en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de xaneiro de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital,  
ÁLVARO NADAL BELDA

## **ESTATUTOS XERAIS DO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROUS TÉCNICOS e PERITOS DE TELECOMUNICACIÓN (en anagrama, COITT)**

Capítulo I. Disposicións xerais.

- Artigo 1. Denominación, natureza xurídica e regulación.
- Artigo 2. Sede.
- Artigo 3. Ámbito.
- Artigo 4. Fins e funcións do Colexio.

Capítulo II. Dos colexiados e do exercicio profesional.

Sección 1.<sup>a</sup> Dos colexiados.

- Artigo 5. Membros.
- Artigo 6. Colexiación.
- Artigo 7. Exercicio da profesión.
- Artigo 8. Solicitude de colexiación.
- Artigo 9. Perda da condición de colexiado. Baixa das sociedades profesionais.
- Artigo 10. Obrigas dos colexiados. Deberes das sociedades profesionais.
- Artigo 11. Dereitos dos colexiados. Dereitos das sociedades profesionais.
- Artigo 12. Rexistro de Colexiados.

Artigo 13. Baixas e reincorporacións.

Sección 2.<sup>o</sup> Da ordenación do exercicio profesional.

Artigo 14. Formas de exercicio profesional. Sociedades profesionais.

Artigo 15. Rexistro de Sociedades Profesionais.

Artigo 16. Defensa dos colexiados.

Artigo 17. Visado.

Capítulo III. Da organización territorial do Colexio.

Artigo 18. Organización territorial do Colexio.

Artigo 19. Denominación e sede das demarcacións territoriais.

Artigo 20. Regulación das demarcacións territoriais.

Capítulo IV. Constitución do Colexio e órganos de goberno.

Artigo 21. Constitución do Colexio.

Artigo 22. Órganos reitores.

Sección 1.<sup>a</sup> Da Xunta Xeral.

Artigo 23. A Xunta Xeral.

Artigo 24. Funcións da Xunta Xeral.

Artigo 25. Reunións ordinarias da Xunta Xeral.

Artigo 26. Reunións extraordinarias da Xunta Xeral.

Artigo 27. Deliberacións da Xunta Xeral.

Artigo 28. Funcionamento da Xunta Xeral.

Sección 2.<sup>a</sup> Da Xunta de Goberno.

Artigo 29. A Xunta de Goberno.

Artigo 30. Membros elixibles.

Artigo 31. Reunións da Xunta de Goberno.

Artigo 32. Acordos da Xunta de Goberno.

Artigo 33. Asistencia ás sesións da Xunta extraordinaria de Goberno.

Artigo 34. Comisións de traballo.

Artigo 35. Atribucións da Xunta de Goberno.

Sección 3.<sup>a</sup> Das atribucións dos cargos da Xunta de Goberno.

Artigo 36. Do decano presidente.

Artigo 37. Funcións do decano presidente.

Artigo 38. Do vicedecano.

Artigo 39. Do secretario xeral.

Artigo 40. Do vicesecretario.

Artigo 41. Do tesoureiro.

Artigo 42. Do viceteseoureiro.

Artigo 43. Dos vogais.

Sección 4.<sup>a</sup> Do Consello de Decanos.

Artigo 44. Consello de Decanos.

Artigo 45. Competencias do Consello de Decanos.

Artigo 46. Duración do mandato dos membros non electos e sesións do Consello de Decanos.

Sección 5.<sup>a</sup> Consello Asesor.

Artigo 47. O Consello Asesor.

Sección 6.<sup>a</sup> Comité Deontolóxico.

Artigo 48. Composición e competencias.

Capítulo V. Dos órganos das demarcacións territoriais.

Artigo 49. Órganos das demarcacións territoriais.

Sección 1.<sup>a</sup> Da Xunta Xeral da Demarcación.

Artigo 50. A Xunta Xeral da Demarcación Territorial.

Sección 2.<sup>a</sup> Da Xunta Directiva da Demarcación.

Artigo 51. A Xunta Directiva da Demarcación.

Artigo 52. Competencias da Xunta Directiva da Demarcación.

Artigo 53. Atribucións da Xunta Directiva da Demarcación.

Artigo 54. Membros da Xunta Directiva da Demarcación.

Artigo 55. Do decano territorial.

Capítulo VI. Das institucións do Colexio, dos servizos xerais e das demarcacións territoriais.

Artigo 56. Institucións do Colexio.

Artigo 57. Servizos xerais do Colexio.

Artigo 58. Secretaría Xeral Territorial.

Capítulo VII. Da elección de cargos.

Artigo 59. Requisitos xerais.

Artigo 60. Réxime electoral.

Capítulo VIII. Do réxime económico e patrimonial.

Artigo 61. Recursos económicos do Colexio.

Artigo 62. Patrimonio do Colexio.

Artigo 63. Recadación dos recursos económicos.

Artigo 64. Orzamento xeral do Colexio.

Artigo 65. Administración do orzamento.

Capítulo IX. Do réxime disciplinario.

Artigo 66. Réxime disciplinario.

Artigo 67. Dereitos dos colexiados expedientados.

Artigo 68. Expedientes disciplinarios.

Artigo 69. Clasificación das faltas.

Artigo 70. Faltas leves.

Artigo 71. Faltas graves.

Artigo 72. Faltas moi graves.

Artigo 73. Sancións disciplinarias.

Artigo 74. Responsabilidade disciplinaria.

Capítulo X. Réxime xurídico dos actos colexiais.

Artigo 76. Recursos contra os actos colexiais.

Artigo 77. Nulidade dos actos colexiais.

Capítulo XI. Modificación dos estatutos, segregación das demarcacións territoriais e disolución do Colexio.

Artigo 78. Modificación dos estatutos.

Artigo 79. Da segregación das demarcacións.

Artigo 80. Disolución do Colexio.

Artigo 81. Comunicación da disolución do Colexio.

Capítulo XII. Disposicións complementarias.

Artigo 82. Portelo único.

Artigo 83. Servizo de atención aos Colexiados e aos consumidores ou usuarios.

Artigo 84. Memoria anual.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

Artigo 1. *Denominación, natureza xurídica e regulación.*

1. A actual denominación do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos de Telecomunicación é «Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos de Telecomunicación» (COITT), en diante, o Colexio.

2. O Colexio é unha corporación de dereito público de ámbito estatal, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, recoñecida e amparada polo artigo 36 da Constitución española de 1978.

3. O Colexio considérase autoridade competente de acordo co previsto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

4. O Colexio rexerese polos presentes estatutos e polas demais normas legais que lle sexan de aplicación e relacionarase coa Administración xeral do Estado a través do departamento ministerial competente en materia de telecomunicacións.

Artigo 2. *Sede.*

A sede central do Colexio radicará en Madrid, sen prexuízo do establecemento doutras sedes nas demarcacións que se poidan constituír, con respecto ás competencias das administracións territoriais.

Artigo 3. *Ámbito.*

O ámbito do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos de Telecomunicación é o de todo o territorio español. Ten como principio fundamental da súa organización territorial a unidade colexial, compatible coa autonomía dos seus órganos nas distintas demarcacións territoriais e a solidariedade entre todas elas.

Artigo 4. *Fins e funcións do Colexio.*

1. Son fins fundamentais do Colexio a ordenación do exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de telecomunicación, a representación exclusiva da profesión en canto o seu exercicio estea suxeito a colexiación obrigatoria por unha lei estatal e a defensa dos intereses profesionais dos Colexiados, a protección dos intereses dos consumidores finais e usuarios dos servizos dos seus Colexiados, todo isto sen prexuízo da competencia da Administración pública por razón da relación funcional, de ser o caso.

2. Constitúen as funcións do Colexio, para o lexítimo cumprimento dos seus fins:

a) Exercer no seu ámbito competencial a representación colexiada da profesión de enxeñeiro técnico de telecomunicación ante os poderes públicos, autoridades, empresas e particulares, con lexitimación para ser parte en cantos litixios afecten os intereses profesionais e exercer o dereito de petición, conforme a lei.

b) Ordenar, no ámbito da súa competencia, a actividade profesional dos Colexiados, velando pola ética e dignidade profesional e polo respecto debido aos dereitos dos particulares.

c) Velar polo prestixio moral, social e técnico dos seus Colexiados, promovendo os sentimentos corporativos de toda índole, tendentes ao ben recíproco.

d) Defender os dereitos e intereses da profesión en todos os ámbitos.

e) Exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola Administración e colaborar con esta, así como con entidades e particulares, mediante a realización de estudos, emisión de informes, solución de consultas, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que lles poidan ser solicitadas ou acorden formular por propia iniciativa, sempre que non estean no ámbito do exercicio profesional dos seus Colexiados.

f) Impulsar e contribuír, mesmo economicamente, en estreita colaboración coa Asociación Española de Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicación, ao progreso das técnicas propias da profesión e á súa difusión, axudando á investigación científica e ao establecemento de cantas normas tendan a incrementar a eficacia dos titulados no desenvolvemento das súas actividades.

g) Manter permanente contacto cos centros docentes e preparar a información necesaria para facilitar o acceso á vida profesional dos egresados.

h) Propoñer aos organismos competentes a adopción de cantas medidas se consideren convenientes para o desenvolvemento e perfeccionamento da profesión, suxerindo aos órganos correspondentes as melloras de redacción das disposicións legais necesarias para tales fins.

i) Xestionar o cobramento e percibir os honorarios profesionais devindicados polos Colexiados, en substitución legal destes, cando o soliciten libre e expresamente segundo o previsto no artigo 5.p) da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de Colexios profesionais, e nas condicións que se determinen nos estatutos e demais normas Colexiais, así como elaborar un formulario de nota de encarga que os Colexiados poderán presentar aos seus clientes cando estes llo requiran, coa descrición precisa do obxecto da prestación, xunto co detalle dos honorarios que teña que devindicar ou o método convido entre ambas as partes para a súa determinación, respectando a Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

j) Visar os traballos profesionais dos Colexiados, de conformidade co previsto na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e no Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado Colexial obrigatorio. Para realizar os visados aplicaranse as últimas tecnoloxías que permitan maior eficacia e rapidez no acto do visado sempre que aquelas non se opoñan ás prescricións do artigo 17 destes estatutos.

k) Establecer criterios orientativos de honorarios para os exclusivos efectos da taxación de custas.

l) Defender o decoro da profesión, velar por que os seus Colexiados observen unha conduta intachable respecto dos seus compañeiros e dos seus clientes, exixir o cumprimento das normas de ética e moral e exercer as medidas disciplinarias relativas aos seus Colexiados, sancionando as súas faltas coas correccións que sinalan estes estatutos.

m) Procurar a harmonía e a colaboración entre os Colexiados, adoptando medidas que eviten a competencia desleal entre eles.

n) Adoptar as medidas conducentes a evitar a intrusión profesional.

o) Cooperar coas escolas técnicas universitarias e coa Asociación Española de Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicación nos labores científicos e culturais relacionados coa especialidade.

p) Cooperar cos organismos oficiais correspondentes na forma que proceda na designación dos enxeñeiros técnicos de telecomunicación para a emisión de informes, ditames, taxacións, valoracións, etc., en intervencións profesionais de asuntos xudiciais.

q) Designar entre os Colexiados, asegurando a igualdade de trato entre eles, árbitros, comités de arbitraje ou de valoracións periciais por requirimento de entidades, particulares ou dos propios Colexiados, nos termos previstos na lexislación vixente.

r) Participar nos consellos ou organismos consultivos da Administración en materia da súa competencia profesional.

s) Resolver mediante laudo, por instancia das partes interesadas, as discrepancias que poidan xurdir sobre o cumprimento das obrigas dimanantes dos traballos realizados polos Colexiados no exercicio da súa profesión.

t) Emitir informe nos procedementos xudiciais ou administrativos en que se discutan honorarios profesionais.

u) Atender as solicitudes de información sobre os Colexiados e sobre as sancións firmes impostas a eles polas autoridades competentes, así como as peticións de inspección ou investigación que formule calquera autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro.

v) Levar os rexistros de Colexiados e de sociedades profesionais, nos termos establecidos na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e nestes estatutos.

w) Facilitar aos órganos xurisdicionais e ás administracións públicas, de conformidade coas leis, a relación de Colexiados que poidan ser requiridos para intervir como peritos ou sinalalos directamente.

x) Manter os servizos de atención a Colexiados, consumidores e usuarios e de portelo único.

y) Elaborar e publicar a memoria anual.

z) Todas as demais actividades que legalmente se poden desenvolver tendentes á ordenación e ao perfeccionamento da profesión e dos Colexiados.

## CAPÍTULO II

### Dos Colexiados e do exercicio profesional

#### Sección 1.<sup>a</sup> Dos Colexiados

##### Artigo 5. *Membros.*

1. O Colexio está integrado por dúas clases de membros, isto é:

- a) Colexiados de honra.
- b) Colexiados de número.
- c) Sociedades profesionais.

2. Son Colexiados de honra as persoas ás cales lles outorgue tal título a Xunta Xeral de Colexiados, sexan ou non enxeñeiros técnicos de telecomunicación.

3. Para pertencer ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos de Telecomunicación como Colexiado de número será requisito imprescindible dispoñer da titulación requirida a que se refire o artigo 6.

4. Mentres non se especifique outra cousa, as normas Colexiais enténdense referidas unicamente aos Colexiados de número.

5. As sociedades profesionais a que se refire a Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, cuxo obxecto social sexa o exercicio da actividade de profesional de Colexión obrigatoria establecida por unha lei estatal, deberán inscribirse no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio e desde ese momento consideraranse incorporadas a el. A inscrición levarase a cabo co fin de que o Colexio exerza sobre elas as competencias que lles outorga o ordenamento xurídico sobre os profesionais Colexiados.

##### Artigo 6. *Colexión.*

1. Para ingresar no COITT como Colexiado de número é preciso estar en posesión dalgún dos seguintes títulos:

a) Título universitario oficial de enxeñeiro técnico de telecomunicación ou título universitario oficial de grado que habilite para o exercicio da profesión regulada de enxeñeiro técnico de telecomunicación.

b) Título universitario estranxeiro homologado oficialmente á titulación descrita na letra anterior.

c) Título universitario europeo recoñecido oficialmente polo Estado para efectos profesionais para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de telecomunicación, de conformidade co Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE

relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).

2. Os membros do Colexio, polo simple feito de solicitaren ou aceptaren a colexiación, quedan sometidos aos estatutos do Colexio, sen prexuízo dos dereitos de impugnación que legalmente lles correspondan.

#### Artigo 7. *Exercicio da profesión.*

1. Para exercer a profesión de enxeñeiro técnico de telecomunicación, xa sexa particularmente ou ao servizo de calquera empresa ou entidade, será condición obrigatoria, ademais de cumprir todos os requisitos que as leis e disposicións vixentes prescriban, pertencer ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos de Telecomunicación, nos termos previstos na lei estatal. Queda exceptuado o requisito obrigatorio de pertenza ao Colexio cando o exercicio profesional se desenvolva exclusivamente no marco dunha relación como empregado ao servizo da Administración pública.

2. No caso de profesionais doutros Estados membros que se despracen a España para exercer, de maneira temporal ou ocasional, a profesión de enxeñeiro técnico de telecomunicación, aplicarase o disposto no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, sobre cualificacións profesionais, e para os efectos de colexiación abondará a comunicación á autoridade competente prevista na dita norma, sempre que se cumpran os requisitos establecidos nela.

3. O exercicio da profesión realizarase en réxime de libre competencia e estará suxeito á Lei 15/ 2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, á Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, e á Lei 17/2009, do 23 de novembro.

4. O exercicio profesional en forma societaria rexerase polo previsto nas leis e, en especial, pola Lei 2/2007, do 15 de marzo. As sociedades profesionais que non fosen inscritas no Rexistro deberán solicitar a súa inscrición no prazo legal establecido e os seus socios serán responsables do incumprimento desta obriga.

#### Artigo 8. *Solicitud de colexiación.*

1. O ingreso no Colexio producirase mediante solicitude dirixida ao decano presidente, ou cando o haxa, ao decano territorial da demarcación onde teña o seu domicilio o interesado. Unha vez completa a documentación requirida, darase conta á Xunta de Goberno para a súa aprobación, se procede. Desde a solicitude ata a aprobación, de ser o caso, non deberá transcorrer máis dun mes; entenderase que existe silencio positivo se non hai resposta nese prazo.

2. A colexiación concederase obrigatoriamente a cantos posúan o título a que se refire o artigo 6.1 destes estatutos. Poderase denegar a colexiación cando o solicitante non cumpra os requisitos ou se encontre condenado por sentenza firme de incapacidade ou inhabilitación para o exercicio da profesión. Contra a resolución pola cal a Xunta de Goberno denegue a colexiación poderase recorrer nos termos previstos no artigo 76 destes estatutos.

3. Unha vez resolta favorablemente a solicitude de admisión, para formalizar o ingreso no Colexio será preciso pagar as cotas que estean sinaladas -que non poderán superar os custos de tramitación da inscrición- e expedirase a certificación que o acredite, co visto e prace do decano presidente.

4. Os trámites de colexiación poderanse levar a cabo telematicamente, a través do portelo único.

5. Nos casos expresados no parágrafo precedente, a Xunta de Goberno actuará mediante resolución, que será notificada ao novo colexiado co fin de que poida interpoñer os recursos procedentes, respectando para todo isto os prazos e formas previstos na lei.



Artigo 9. *Perda da condición de Colexiado. Baixa das sociedades profesionais.*

1. A condición de Colexiado pérdese:

- a) Por renuncia ou baixa voluntaria, comunicada por medio fidedigno, que o interesado dirixirá ao decano presidente ou, se é o caso, ao decano territorial.
- b) Por expulsión do Colexio acordada segundo o disposto nestes estatutos e no Regulamento xeral de réxime interior; o interesado poderá interpoñer os recursos procedentes, de acordo co establecido neles e na lei.
- c) Por sentenza xudicial firme de incapacidade ou inhabilitación para o exercicio da profesión.
- d) Por falecemento.

2. As sociedades profesionais causarán baixa no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio cando:

- a) Se procedese á súa disolución.
- b) Se o Colexio lle impuxese ao Colexiado pertencente a ela unha sanción firme que comporte a súa expulsión e na sociedade non houber outro Colexiado enxeñeiro técnico de telecomunicación.
- c) Se se elimina do obxecto social a actividade profesional propia dos enxeñeiros técnicos de telecomunicación, naquelas de carácter multidisciplinar.

Non obstante, caberá a nova inscrición da sociedade profesional cando se procedese á súa reactivación por ser legalmente posible.

Artigo 10. *Obrigas dos Colexiados. Deberes das sociedades profesionais.*

1. Son obrigas dos Colexiados as que a seguir se especifican:

- a) Acatar e cumprir estritamente cantas prescricións conteñen estes estatutos e o regulamento que os desenvolva, así como os acordos que se adopten.
- b) Aceptar o desempeño das tarefas que lles encomenden os órganos directivos do Colexio, salvo que existan causas que o xustifiquen.
- c) Pagar as cotas e dereitos que fosen aprobados para o sostemento do Colexio e para fins de previsión, nos termos establecidos pola lei, se é o caso.
- d) Someter ao visado do Colexio a documentación correspondente aos traballos de carácter profesional realizados no exercicio da profesión, nos supostos establecidos na lexislación vixente e cando o solicite o cliente.
- e) Cumprir, respecto dos órganos directivos do Colexio e dos membros Colexiados, os deberes de disciplina e harmonía profesional.
- f) Realizar, a través do portelo único, os trámites necesarios e obter a información precisa para o acceso á súa actividade profesional e ao seu exercicio, incluídas a Colexiación e a baixa por vía electrónica.

2. As sociedades profesionais inscritas no Rexistro de Sociedades Profesionais estarán obrigadas a cumprir as presentes normas estatutarias.

3. Se calquera Colexiado ou sociedade profesional incorre en mora en canto ao pagamento das cotas ou de calquera outro pagamento obrigado a satisfacer, o Colexio requirirá para que satisfaga a súa débeda no prazo máximo dun mes. Se transcorre un segundo mes desde o requirimento sen que faga efectivos os seus débitos Colexiais, o moroso quedará automaticamente suspendido dos dereitos que lle recoñecen os presentes estatutos. A suspensión manterase ata o debido cumprimento dos seus deberes económicos Colexiais, sen prexuízo da súa eventual reclamación xudicial e da baixa, se é o caso.

Artigo 11. *Dereitos dos colexiados. Dereitos das sociedades profesionais.*

Recoñécenselles aos colexiados os seguintes dereitos:

- a) Actuar profesionalmente en todo o ámbito estatal, xa sexa de modo particular ou ao servizo de calquera empresa.
- b) Participar no uso e desfrute dos bens do Colexio e dos servizos que este teña establecidos.
- c) Tomar parte nas deliberacións e votacións que se prevexan nestes estatutos e no Regulamento xeral de réxime interior.
- d) Levar a cabo os anteproxectos, os proxectos, ditames, peritacións, valoracións e outros traballos que sexan solicitados ao Colexio por organismos oficiais, entidades ou particulares e que lles sexan encomendados conforme o que se estableza no Regulamento xeral de réxime interior.
- e) Solicitar da Xunta de Goberno a defensa necesaria cando se consideren lesionados ou menoscabados os seus dereitos e intereses como profesional colexiado.
- f) Poñer en coñecemento da Xunta de Goberno todos os feitos que poidan afectar a profesión, particular ou colectivamente, e que poidan determinar a súa intervención.
- g) Asistir aos actos corporativos, sempre que sexa compatible coas súas actividades e en igualdade de condicións.
- h) Realizar, a través do portelo único, os trámites necesarios e obter a información precisa para o acceso á súa actividade profesional e ao seu exercicio, incluídas a colexiación e a baixa por vía electrónica.

As sociedades profesionais inscritas no Rexistro de Sociedades Profesionais serán titulares dos dereitos establecidos nestes estatutos para os colexiados persoas físicas, con excepción dos dereitos electorais e de participación nos órganos de goberno do Colexio.

Artigo 12. *Rexistro de Colexiados.*

O Colexio manterá actualizado o Rexistro de Colexiados, no cal constarán os seguintes datos: nome e apelidos dos profesionais colexiados, número de colexiación, títulos oficiais que posúan, domicilio profesional e situación de habilitación profesional.

Artigo 13. *Baixas e reincorporacións.*

Os que se dean de baixa no Colexio cumprindo cos requisitos establecidos nestes estatutos e máis tarde soliciten a súa reincorporación, deberán solicitar de novo a súa admisión e, en todo caso, aboar o que eventualmente deban no período de tempo en que estiveron colexiados.

*Sección segunda. Da ordenación do exercicio profesional*

Artigo 14. *Formas de exercicio profesional. Sociedades profesionais.*

1. A profesión de enxeñeiro técnico de telecomunicación pódese exercer en forma libre, individual ou asociada, ou en relación laboral ou funcional con calquera empresa ou persoa.
2. En calquera caso, débese respectar a independencia de criterio profesional, sen límites ilexítimos ou arbitrarios no desenvolvemento do traballo, e o segredo profesional respecto aos datos reservados coñecidos con ocasión daquel.
3. Na actuación profesional observaranse as normas deontolóxicas aprobadas polo Colexio, que non poderán ir en contra do disposto nos presentes estatutos nin nas leis.
4. Os colexiados poderán exercer a profesión a través dunha sociedade profesional, nos termos establecidos na Lei 2/2007, do 15 de marzo. A sociedade profesional non poderá realizar a actividade profesional de colexiación obrigatoria establecida por unha lei estatal ata a súa inscrición no Rexistro de Sociedades Profesionais.

## Artigo 15. *Rexistro de Sociedades Profesionais.*

1. O Colexio levará un rexistro de todas as sociedades profesionais constituídas polos seus Colexiados, que estará permanentemente actualizado e co contido mínimo disposto na Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, no cal constarán:

- a) Denominación ou razón social e domicilio da sociedade.
- b) Data e descrición identificativa da escritura pública de constitución e notario autorizante; e duración da sociedade se se constituíu por tempo determinado.
- c) A actividade ou actividades profesionais que constitúan o obxecto social.
- d) Identificación dos socios profesionais e non profesionais e, en relación con aqueles, número de Colexiado e Colexio profesional de pertenza.
- e) Identificación das persoas que se encarguen da administración e representación, expresando a condición de socio profesional ou non de cada unha delas.

2. A Xunta Xeral, por proposta da Xunta de Goberno, aprobará un Regulamento de Rexistro de Sociedades Profesionais do COITT que regulará a súa organización, funcionamento e réxime xurídico.

3. O Colexio remitirá cada tres meses ao Ministerio de Xustiza as inscricións realizadas no seu Rexistro de Sociedades Profesionais, para os efectos de que o Colexio manteña permanentemente actualizado o seu portal da internet, en que se dea publicidade ao contido da folla aberta a cada sociedade profesional.

## Artigo 16. *Defensa dos Colexiados.*

O Colexio actuará en defensa dos dereitos e das competencias profesionais dos Colexiados, mediante o exercicio das accións corporativas, administrativas e xudiciais pertinentes, na forma e nas condicións que se fixen.

## Artigo 17. *Visado.*

1. Os traballos profesionais de estudos previos, anteproxectos, plans, proxectos, direccións de obra e de explotación, informes e outros traballos, xa sexan executados total ou parcialmente, e as modificacións destes deben ser sometidos polos seus Colexiados autores ao visado Colexial cando así o estableza a lexislación vixente ou o solicite o cliente.

2. O visado Colexial verifica a identidade do autor do traballo, a súa titulación e Colexiación, a corrección e integridade formal do traballo, así como o cumprimento da normativa aplicable en cada caso.

En todo caso, o visado expresará claramente cal é o seu obxecto, detallará que aspectos son sometidos a control e informará sobre a responsabilidade que, de acordo co previsto no punto seguinte, asume o Colexio. En ningún caso comprenderá os honorarios nin as demais condicións contractuais, cuxa determinación queda suxeita ao libre acordo entre as partes, nin tampouco comprenderá o control técnico dos elementos facultativos do traballo profesional.

3. O Colexio establecerá normas e requisitos para a presentación formal dos traballos para o seu visado, que se poderán tramitar por vía telemática. A concesión do visado Colexial levarase a cabo coa única oficina técnica denominada Centro de Visados.

4. O custo do visado será razoable, non abusivo nin discriminatorio. O Colexio fará públicos os prezos dos visados dos traballos.

5. As sociedades profesionais visarán os seus traballos nos mesmos supostos que os Colexiados persoas físicas. O visado expedirase a favor da sociedade ou do profesional ou profesionais que se responsabilicen do traballo.

## CAPÍTULO III

**Da organización territorial do Colexio***Artigo 18. Organización territorial do Colexio.*

1. O Colexio organízase xeograficamente en demarcacións territoriais, sen prexuízo do disposto no artigo 79 destes estatutos.

2. A Xunta Directiva das ditas demarcacións ten unhas competencias propias e outras delegadas dos órganos xerais, en forma coordinada.

3. No marco dos estatutos e do Regulamento xeral de réxime interior que os desenvolve, as demarcacións territoriais terán o seu regulamento particular de funcionamento que complementa aqueles. Para isto, unha vez sometido o texto a información dos colexiados de cada demarcación, será aprobado en primeiro termo pola Xunta Directiva de Demarcación, que o remitirá ao Consello de Decanos para o seu visto e prace, o cal será requisito necesario para podelo someter á aprobación definitiva da Xunta Xeral de Demarcación.

4. As sedes das demarcacións territoriais dispoñerán de local e persoal para o desenvolvemento das súas competencias e servizos, seguindo criterios de eficacia e rendibilidade.

5. Os colexiados quedan adscritos a unha demarcación territorial por razón da súa residencia habitual ou por elección do propio colexiado. No caso de non se ter constituído a demarcación territorial correspondente, relacionaranse co Colexio directamente a través dos seus órganos xerais.

6. Os colexiados residentes no estranxeiro estarán adscritos á demarcación territorial que eles indiquen.

7. As demarcacións territoriais terán a consideración de órganos de representación, en nome do Colexio, ante a Administración autonómica.

*Artigo 19. Denominación e sede das demarcacións territoriais.*

1. As demarcacións territoriais denominaranse e terán a súa sede segundo determine o Regulamento xeral de réxime interior, no cal se fixarán, ademais, os requisitos para a creación de novas demarcacións territoriais e para a modificación ou disolución das existentes.

2. No caso de que nunha demarcación territorial cese a Xunta Directiva da demarcación, farase cargo das súas funcións a Xunta de Goberno, que convocará eleccións no prazo de seis meses, para o resto do mandato.

*Artigo 20. Regulación das demarcacións territoriais.*

1. Para crear unha demarcación territorial será necesario que se cumpran os requisitos e o procedemento establecidos polo Regulamento xeral de réxime interior. O acordo adoptado sobre creación da demarcación comunicárase a Xunta de Goberno á Xunta Xeral, logo do informe do Consello de Decanos, para a súa aprobación, se procede, con efectos a partir do exercicio seguinte. A creación dunha demarcación territorial comportará as correspondentes modificacións orzamentarias.

2. Para trasladar a sede dunha demarcación territorial a outra provincia do seu ámbito será necesario que o solicite a maioría absoluta dos colexiados da demarcación territorial á Xunta Directiva da Demarcación, e que sexa aprobado por esta para o ano seguinte, coa pertinente modificación do seu regulamento particular.

3. Cando nunha demarcación territorial constituída non se dean os requisitos regulados nestes estatutos ou no Regulamento xeral de réxime interior para a súa existencia, a Xunta de Goberno, logo de aprobación do Consello de Decanos, poderá someter á aprobación da Xunta Xeral a súa disolución.

## CAPÍTULO IV

### Constitución do Colexio e órganos de goberno

#### Artigo 21. *Constitución do Colexio.*

O Colexio estará constituído polos membros que reúnan as condicións sinaladas na sección 1.<sup>a</sup> do capítulo II. Rexerese polos presentes estatutos e polo seu Regulamento xeral de réxime interior, sancionado pola Xunta Xeral, no cal se recollerán as normas de aplicación daqueles.

#### Artigo 22. *Órganos reitores.*

1. Os órganos reitores do Colexio serán:

a) Órganos xerais:

- 1.º A Xunta Xeral de Colexiados.
- 2.º A Xunta de Goberno.
- 3.º O Consello de Decanos.
- 4.º O Comité de Deontoloxía.

b) Órganos das demarcacións territoriais:

- 1.º A Xunta Xeral da Demarcación Territorial.
- 2.º A Xunta Directiva da Demarcación Territorial.

2. O réxime xurídico destes órganos axustarase ás normas contidas nestes estatutos, que establecerán o réxime de convocatoria, sesións e adopción de acordos, e coas normas que os desenvolvan. A Xunta de Goberno poderá acordar a creación doutros órganos de carácter consultivo.

3. Con carácter supletorio seralles de aplicación o recollido para os órganos colexiados nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4. En caso de controversia entenderase que a orde xerárquica destes órganos é a seguinte:

- 1.º Xunta Xeral.
- 2.º Xunta de Goberno.
- 3.º Consello de Decanos.
- 4.º Xunta Xeral de Demarcación Territorial.
- 5.º Xunta Directiva de Demarcación Territorial.

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Da Xunta Xeral*

#### Artigo 23. *A Xunta Xeral.*

1. A Xunta Xeral de Colexiados é o órgano supremo de expresión de vontade do Colexio. Está constituída por todos os colexiados e asume a máxima autoridade dentro do Colexio. Os acordos da Xunta Xeral, conforme a lei e estes estatutos, obrigan a todos os colexiados, mesmo os que recorresen contra aqueles sen prexuízo do que se resolva.

2. As xuntas xerais poderán ser ordinarias e extraordinarias.

#### Artigo 24. *Funcións da Xunta Xeral.*

Correspóndelle á Xunta Xeral:

- a) A aprobación da acta da sesión anterior.

b) O coñecemento e a sanción da memoria anual que a Xunta de Goberno lle someterá, en que se resuma a súa actuación e a dos demais órganos, institucións, demarcacións e comisións do Colexio, así como os acontecementos profesionais de maior relevancia. A memoria anual formularase nos termos previstos na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e publicarase a través da web no primeiro semestre de cada ano.

c) A aprobación do orzamento xeral, das contas anuais e dos alleamentos ou adquisicións patrimoniais de bens inmobles.

d) A aprobación das cotas ordinarias e o establecemento das extraordinarias.

e) A aprobación da oferta de servizos colexiais e o seu correspondente sistema de financiamento.

f) As deliberacións e decisión de cantos asuntos se lle sometan por proposta da Xunta de Goberno ou dun grupo de colexiados, de acordo co especificado nestes estatutos e no Regulamento xeral de réxime interior.

g) A aprobación do Regulamento xeral de réxime interior e das súas modificacións.

h) A aprobación dos proxectos de reforma dos presentes estatutos.

i) A aprobación da constitución e disolución das demarcacións territoriais.

j) A disolución do Colexio e, en tal caso, o destino que se deberá dar aos seus bens.

k) A designación de colexiado de honra ou de calquera outro tipo de distinción honorífica.

l) Aprobar as normas deontolóxicas profesionais e o réxime disciplinario, por proposta do Consello de Decanos.

m) Aprobar o Regulamento do Rexistro de Sociedades Profesionais.

n) Todas as demais atribucións que lle outorguen os presentes estatutos.

#### Artigo 25. *Reunións ordinarias da Xunta Xeral.*

Celebrarase durante o ano, polo menos, unha xunta xeral ordinaria, antes de finalizar o primeiro cuadrimestre do ano, para a aprobación do orzamento do ano, as contas do exercicio inmediato anterior e información xeral sobre a marcha do Colexio en todos os aspectos.

#### Artigo 26. *Reunións extraordinarias da Xunta Xeral.*

A Xunta Xeral reunirase con carácter extraordinario, logo de convocatoria cursada polo decano presidente, por acordo da Xunta de Goberno, ou porque o solicite, polo menos, a sétima parte dos colexiados, dos cales como mínimo terá que haber un 5 por cento de colexiados domiciliados en cada comunidade autónoma, e sempre con proposta da orde do día. Neste último caso convocarase nun prazo máximo de 15 días naturais.

#### Artigo 27. *Deliberacións da Xunta Xeral.*

Para que as deliberacións da Xunta Xeral sexan válidas será preciso que concorran, entre presentes e representados, en primeira convocatoria, a maioría absoluta. En segunda convocatoria serán válidos os acordos adoptados por maioría, calquera que sexa o número de asistentes.

#### Artigo 28. *Funcionamento da Xunta Xeral.*

1. A Xunta Xeral estará presidida polo decano do Colexio e actuará de secretario o que o sexa tamén neste, quen levantará acta da reunión.

2. A celebración da Xunta Xeral comunicaráselle aos colexiados cunha anticipación de 15 días naturais, como mínimo, especificando os motivos da reunión e da orde do día.

3. Os acordos tomaranse por maioría de votos presentes e representados. Para estes efectos, cada asistente á Xunta Xeral poderá votar e representar calquera dos colexiados, pero ninguén poderá ter máis de dúas representacións, é dicir, tres votos como máximo, contando o seu propio. O dereito de representación será desenvolvido polo Regulamento xeral de réxime interior.

4. Nas reunións da Xunta Xeral só se poderán tomar acordos sobre aqueles asuntos que fosen fixados na orde do día.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Da Xunta de Goberno*

##### *Artigo 29. A Xunta de Goberno.*

1. A Xunta de Goberno é o órgano executivo, de dirección e administración da organización xeral do Colexio. Estará constituída polos seguintes membros: decano presidente, vicedecano, secretario xeral, vicesecretario, tesoureiro, vicetesoureiro e catro vogais, designados ordinalmente do número 1 ao 4. Todos os cargos da Xunta de Goberno terán un mandato de actuación de catro anos, poderán ser reelixidos unha ou varias veces sen ningunha limitación e serán designados por elección libre, directa e secreta de todos os colexiados que figuren como tales no momento de convocar as eleccións.

2. Os decanos territoriais poderán asistir ás xuntas de goberno con voz e sen voto nos asuntos de competencia territorial, logo de invitación da Xunta de Goberno a través do decano presidente.

3. Os membros da Xunta de Goberno poderán percibir compensación en forma de axudas de custo e gastos en función das reunións ou actividades asumidas na súa función.

##### *Artigo 30. Membros elixibles.*

1. Serán elixibles todos aqueles colexiados que cumpran cos requisitos marcados no artigo 59 destes estatutos e que estean dados de alta no Colexio cunha antelación mínima de dous anos á data en que sexan convocadas as eleccións e que estean ao día no pagamento das cotas colexiais. A presentación de candidaturas será para listas completas.

2. Non poderán ocupar cargos na Xunta de Goberno os colexiados que fosen condenados xudicialmente coa pena de inhabilitación especial para o dereito de sufraxio pasivo ou suspensión de cargo público, ou sancionados disciplinariamente polo Colexio.

3. As eleccións serán convocadas pola Xunta de Goberno con 60 días naturais de antelación, como mínimo, á data da súa celebración.

4. Todas as candidaturas deberán estar na Secretaría do Colexio 30 días naturais antes da data sinalada para as eleccións.

5. O sistema electoral, proclamación de candidaturas, mesa electoral, votacións, escrutinio, investidura dos cargos elixidos e reclamacións fixaranse no Regulamento xeral de réxime interior.

##### *Artigo 31. Reunións da Xunta de Goberno.*

A Xunta de Goberno reunirse, como mínimo, unha vez ao mes e cando o decano presidente o considere necesario ou o soliciten tres dos seus membros. O secretario levantará acta das reunións autorizadas, co visto e prace do decano.

##### *Artigo 32. Acordos da Xunta de Goberno.*

Os acordos serán tomados por unanimidade ou por maioría de votos e serán válidos cando o número de asistentes sexa, polo menos, de seis membros en activo da Xunta de Goberno. En caso de empate decidirá o voto do decano presidente; na súa falta, o do vicedecano e, en ausencia de ambos, o do membro da Xunta en quen esta o delegase.

##### *Artigo 33. Asistencia ás sesións da Xunta extraordinaria de Goberno.*

Ás sesións das xuntas extraordinarias de Goberno poderán asistir, con voz pero sen voto, os decanos de xuntas directivas de demarcación, así como colexiados convocados especialmente por ela para tratar algún asunto.

Artigo 34. *Comisións de traballo.*

A Xunta de Goberno queda facultada, por proposta do decano presidente, para nomear cantas comisións considere convenientes, nas cales poderá estar representada por algún dos seus membros, para o estudo ou dirección de cantos asuntos se consideren pertinentes, con obxecto de facilitar o seu labor e a boa marcha do Colexio.

Artigo 35. *Atribucións da Xunta de Goberno.*

Son atribucións da Xunta de Goberno:

- a) Constituírse legalmente, tomando posesión dos seus cargos, e exercer a representación colexiada da corporación.
- b) Convocar a Xunta Xeral e as eleccións dos cargos da Xunta de Goberno.
- c) Admitir os membros do Colexio de acordo co establecido nos presentes estatutos.
- d) Cumprir e facer cumprir todas as obrigas impostas por estes estatutos e polos acordos aprobados pola Xunta Xeral, así como a dirección e vixilancia do cumprimento das funcións corporativas, exercendo a acción disciplinaria e controlando o funcionamento dos servizos do Colexio.
- e) Tomar, en caso de urxencia, resolucións de incumbencia da Xunta Xeral, e dar conta delas no prazo máximo dun mes á Xunta Xeral extraordinaria que para o efecto se convoque.
- f) Acordar toda clase de gastos e ingresos que figuren no orzamento aprobado pola Xunta Xeral.
- g) Elaborar a memoria anual e os orzamentos do Colexio e propoñer a súa aprobación á Xunta Xeral.
- h) Someter á Xunta Xeral a rendición de contas de exercicios vencidos.
- i) Propoñer á Xunta Xeral, logo do informe do Consello de Decanos, as modificacións de propostas de estatutos ou do Regulamento xeral de réxime interior que se xulguen necesarias.
- j) Propoñer á Xunta Xeral, logo do informe do Consello de Decanos, a creación e disolución das demarcacións territoriais nos termos recollidos nos presentes estatutos.
- k) Delegar na Xunta de Goberno das demarcacións territoriais asuntos que só afecten as súas respectivas demarcacións, na forma que se determine no Regulamento xeral de réxime interior.
- l) Aprobar acordos temporais entre diversas demarcacións territoriais para a prestación de servizos, por proposta, se é o caso, do Consello de Decanos da demarcación correspondente.
- m) Enviar copias dos acordos aprobados en xunta ordinaria a cada unha das xuntas territoriais afectadas.
- n) Propoñer á Xunta Xeral as cotas ordinarias e extraordinarias, así como informar dos criterios de honorarios -que serán simplemente orientativos e para os exclusivos efectos de taxación de custas- e das tarifas de visado.
- o) Propoñer ao Consello de Decanos as normas deontolóxicas profesionais.
- p) Propoñer á Xunta Xeral o nomeamento de colexiado de honra e calquera outra distinción.
- q) Organizar o servizo de cobramento dos honorarios profesionais, que os colexiados poderán usar voluntariamente.
- r) Determinar os dereitos de visado, que deberán ser razoables, non abusivos nin discriminatorios, e outros gastos imputables a el, por proposta da Comisión de Libre Exercicio.
- s) Aprobar a porcentaxe dos dereitos de visado que corresponda asignar á dotación orzamentaria das demarcacións territoriais.
- t) Resolver os recursos contra os acordos da Xunta Directiva da Demarcación e dirimir os conflitos que se poidan suscitar entre aquelas, logo de aprobación do Consello de Decanos.



- u) Aprobar as normas de funcionamento do Rexistro de Sociedades Profesionais e as cotas de incorporación das sociedades profesionais ao Colexio, así como as correspondentes á inscrición dos demais actos inscribíbles. En ningún caso estas cotas poderán superar os custos de tramitación.
- v) Atender as queixas, reclamacións e suxestións realizadas polos consumidores e usuarios dos servizos profesionais.
- w) Intervir en vía de conciliación e arbitraje nas cuestións que por motivos profesionais se susciten entre colexiados.
- x) Outras competencias non reservadas expresamente a outros órganos.
- y) Todas as demais atribucións que se lle asignen nos presentes estatutos.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Das atribucións dos cargos da Xunta de Goberno*

#### *Artigo 36. Do decano presidente.*

Para ser decano presidente do Colexio é requisito indispensable ser colexiado e ter sido elixido polos colexiados con dereito a voto conforme o procedemento establecido nos presentes estatutos e no Regulamento xeral de réxime interior.

#### *Artigo 37. Funcións do decano presidente.*

1. Corresponderalle ao decano presidente a representación do Colexio e de todos os colexiados en todas as súas relacións cos poderes públicos, entidades, corporacións e persoas xurídicas ou naturais de calquera índole, sen prexuízo de que en casos concretos o Colexio poida encomendar esta función a determinados colexiados ou comisións constituídas para o efecto.
2. Exercerá a presidencia da Xunta de Goberno e da Xunta Xeral e dirixirá as deliberacións. Terá voto de calidade en caso de empate nas votacións.
3. Autorizará coa súa sinatura a execución e o cumprimento dos acordos do Colexio, e ordenará os pagamentos que haxa que realizar.
4. Propoñerá á Xunta de Goberno, para a súa aprobación e execución, as estratexias de actuación e as actividades anuais que se deben acometer, xunto cos recursos estruturais e medios que se deben empregar para tal fin.
5. Poderá delegar as súas atribucións no vicedecano e, na súa falta, noutro membro da Xunta de Goberno.
6. Todo isto se entende sen prexuízo das competencias dos decanos das demarcacións territoriais dentro do seu ámbito, salvo avocación destas, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
7. O cargo de decano presidente poderá ser remunerado en función da dedicación prestada.

#### *Artigo 38. Do vicedecano.*

Correspóndelle ao vicedecano substituír o decano nos casos de ausencia, enfermidade, suspensión, falecemento ou cesamento deste por calquera causa, con plenitude das facultades recoñecidas a este nos presentes estatutos.

#### *Artigo 39. Do secretario xeral.*

1. O secretario da Xunta de Goberno é secretario xeral do Colexio. Correspóndenlle ao secretario a dirección de recursos humanos de todo o persoal ao servizo do Colexio, a organización material dos servizos administrativos, as disposicións dos locais e do material e o recrutamento de colaboradores, informando a Xunta de Goberno, que será a encargada de establecer a estratexia de recrutamento.
2. Estará en relación coa Asesoría Xurídica e facilitará aos colexiados as xestións que teñan que realizar, para o cal lles subministrará a orientación suficiente.

3. Levará as relacións de orde administrativa coas demarcacións territoriais, así como con todos os colexios e asociacións profesionais, tanto nacionais coma estranxeiras, e terá facultades de inspección das funcións delegadas na Xunta Directiva da Demarcación.

4. A elección do secretario será realizada conforme o procedemento electoral establecido nos presentes estatutos e no Regulamento xeral de réxime interior.

5. Efectuará, por delegación da Xunta de Goberno, as recadacións das cotas que deben pagar os colexiados e dos demais recursos con que conte o Colexio, e administrará o orzamento dos órganos xerais, respectando as atribucións do Consello de Decanos.

6. Son igualmente facultades do secretario xeral:

a) Redactar e asinar as actas de todas as reunións a que asista e levar os libros correspondentes.

b) Levar o ficheiro de colexiados.

c) Dirixir e asinar as comunicacións e circulares que deba remitir por orde do decano presidente, do Consello de Decanos, Xunta de Goberno ou da Xunta Xeral.

d) Formalizar as convocatorias do Consello de Decanos, da Xunta de Goberno e da Xunta Xeral, enviando aos seus membros a información que proceda.

e) Custodiar o Arquivo Xeral do Colexio.

f) Intervir na organización de cursos, actos institucionais e outros análogos.

g) Entender en primeiro momento das cuestións de competencias profesionais, intrusión e análogas e informar a Xunta de Goberno para posibles actuacións. Neste sentido, estará en contacto coa Asesoría Xurídica do Colexio.

h) Todas as demais funcións inherentes ao cargo que sexan da súa competencia e as que lle encomende o decano presidente ou a Xunta de Goberno.

i) Levar e xestionar o Rexistro de Sociedades Profesionais.

7. O cargo de secretario xeral poderá ser remunerado en función da dedicación prestada. As condicións serán establecidas anualmente pola Xunta de Goberno e por proposta do propio secretario xeral fixarase a retribución do persoal dependente do Colexio.

#### Artigo 40. *Do vicesecretario.*

Auxiliará o secretario no desenvolvemento das súas funcións e poderá substituílo en caso de ausencia, enfermidade, falecemento ou cesamento por calquera circunstancia.

#### Artigo 41. *Do tesoureiro.*

1. Será o membro da Xunta de Goberno encargado da función financeira dentro da xestión do Colexio.

2. Será un colexiado designado conforme o procedemento electoral establecido nestes estatutos e no Regulamento xeral de réxime interior.

3. Solicitará, custodiará e administrará os fondos do Colexio, realizando os pagamentos ordenados polo decano presidente do orzamento aprobado pola Xunta Xeral e velará polo seu cumprimento, e ocuparase, axudado na súa misión polo secretario xeral, de que se leve en debida forma a contabilidade, rendendo contas á Xunta de Goberno e presentando antes da Xunta Xeral ordinaria os orzamentos correspondentes ao seguinte exercicio económico. Poderá delegar no secretario xeral o control e a administración da pequena caixa.

4. Poderá, conxuntamente co decano ou co vicedecano, abrir contas correntes a nome do Colexio en calquera establecemento bancario e retirar fondos delas, con responsabilidade mancomunada.

5. Tamén poderá establecer e retirar fianzas na Caixa Xeral de Depósitos ou noutros establecementos, depositar toda clase de sumas, así como verificar e asinar os recibos. Todas estas operacións deberán ser visadas polo decano ou polo vicedecano.

6. Efectuará, por delegación da Xunta de Goberno, as recadacións das cotas que deben pagar os colexiados e dos demais recursos con que conte o Colexio, e vixiará o

cumprimento do orzamento dos órganos xerais, respectando as atribucións da Xunta de Goberno.

7. Dentro da Xunta de Goberno realizará as funcións que lle sexan asignadas por esta.

Artigo 42. *Do viceteseouero.*

Auxiliará o teseouero no desenvolvemento das súas funcións e poderá substituílo en caso de ausencia, enfermidade, falecemento ou cesamento por calquera circunstancia.

Artigo 43. *Dos vogais.*

Os cargos de vogais desempeñarán as funcións particulares que normalmente se lles atribúen en corporacións análogas, atribuídas polo decano presidente ou pola Xunta de Goberno, así como as expresamente atribuídas polos presentes estatutos.

#### *Sección 4.<sup>a</sup> Do Consello de Decanos*

Artigo 44. *Consello de Decanos.*

1. O Consello de Decanos é o órgano moderador, de asesoramento, coordinación e equilibrio territoriais dos órganos xerais de Goberno que integra no seu seo as opinións dos cargos electos e as doutros colexiados destacados polo seu recoñecido prestixio profesional ou persoal. Estará integrado polos seguintes membros:

- a) Os decanos das demarcacións territoriais.
- b) O decano presidente, o secretario xeral e o teseouero do Colexio.
- c) Os membros anteriores poderán designar ata un máximo de catro membros máis, elixidos entre enxeñeiros técnicos de telecomunicación de recoñecido prestixio.

2. Está presidido por un dos membros do Consello de Decanos, elixido entre eles. O seu secretario é o secretario xeral.

3. Os acordos adoptaranse por maioría. Só poderán votar os decanos de demarcación e o decano presidente. O voto será ponderado en función do número de colexiados adscritos a cada demarcación e o do decano presidente será o correspondente ao número de colexiados con domicilio no territorio en que non haxa constituídas demarcacións.

4. En caso de creación dun colexio autonómico, e mentres non se constitúa e entre en funcionamento o Consello Xeral de Colexios, a teor do establecido no artigo 79.7, será o Consello de Decanos o órgano do Colexio estatal que asumirá, de forma interina, as súas funcións.

Artigo 45. *Competencias do Consello de Decanos.*

Atribúenselle ao Consello de Decanos as seguintes competencias:

1. Dirimir os conflitos que se poidan suscitar entre eles.
2. Emitir informe con carácter previo e preceptivamente sobre os acordos da Xunta de Goberno sobre as seguintes materias:
  - a) Reforma dos estatutos do Colexio.
  - b) Reforma do Regulamento xeral de réxime interior.
  - c) Creación ou disolución de demarcacións territoriais, nos termos establecidos nos presentes estatutos.
  - d) Propoñer á Xunta Xeral a concesión do título de colexiado de honra e calquera outra distinción.
  - e) Os recursos contra os acordos das xuntas directivas da demarcación e os conflitos entre elas.

3. Emitir informe sobre os acordos da Xunta de Goberno acerca das seguintes materias:

a) Normas deontolóxicas profesionais, con posterior acordo en xunta xeral, e por proposta da Xunta de Goberno.

b) Bases de creación e proxectos de estatutos das institucións promovidas polo Colexio.

4. Presentar á Xunta de Goberno propostas, recomendacións e emendas.

5. Crear comisións por campos de actividade ou asuntos específicos, para elaborar propostas á Xunta de Goberno ou ao propio Consello de Decanos.

6. Elixir de entre os seus membros os que teñan que formar parte do Comité de Deontoloxía.

7. Adoptar as medidas necesarias para que os órganos permanentes colexiais cumpran as resolucións do propio Consello de Decanos ditadas en materia da súa competencia.

8. Realizar actuacións de mediación e arbitraje.

9. Emitir informes e consultas en asuntos de transcendencia profesional no ámbito nacional.

10. Dar o visto e prace aos regulamentos particulares das demarcacións territoriais e ás súas modificacións, tras a súa aprobación pola xunta directiva de demarcación respectiva.

11. Adoptar as medidas necesarias para que unha xunta directiva da demarcación cumpra coas súas obrigas, mesmo suplíndoas, con carácter subsidiario, na forma que se determine no Regulamento xeral de réxime interior.

12. E, finalmente, realizar cantas funcións e prerrogativas, non enunciadas expresamente, sexan consecuencia das anteriores e teñan cabida no espírito que as informe.

*Artigo 46. Duración do mandato dos membros non electos e sesións do Consello de Decanos.*

1. Os membros do Consello de Decanos, pola súa relevancia ou prestixio, cesan por cambio de grupo de actividade ou polo transcurso de cinco anos contados desde os seus nomeamentos, sen prexuízo de seren novamente reelixidos, se é o caso, por períodos de igual duración. Todos os conselleiros teñen análogas responsabilidades e prerrogativas, independentemente da súa procedencia.

2. As sesións ordinarias do Consello de Decanos serán cuatrimestrais. As extraordinarias convocaranse por iniciativa do decano presidente ou da cuarta parte dos seus membros, ou da Xunta de Goberno. Para que estean constituídas validamente, é necesaria a asistencia, polo menos, da metade dos seus membros. Só en caso de convocatoria urxente cada membro pode exercer a representación doutro.

#### *Sección 5.<sup>a</sup> Consello Asesor*

*Artigo 47. O Consello Asesor.*

1. O Consello Asesor é o órgano encargado da asesoría técnica do Colexio en materia de telecomunicacións, co fin de fomentar a presenza desta corporación no sector, sinalar as iniciativas que se desenvolverán co fin de asegurar a calidade do servizo das telecomunicacións aos cidadáns e defender os intereses profesionais dos colexiados.

2. Está composto por un presidente e un número de 25 membros como máximo, todos eles designados entre personalidades de recoñecido prestixio do sector. A Xunta de Goberno nomea e revoga os membros do Consello Asesor e o seu presidente.

3. O Consello Asesor reunirase polo menos unha vez ao semestre e será convocado polo seu presidente, que o poñerá en coñecemento da Xunta de Goberno. Nas reunións do Consello Asesor será necesaria a asistencia dun mínimo de dous membros da Xunta

de Goberno. Coa autorización do presidente, terán dereito a asistir a estas reunións os que teñan a condición de decano presidente do Colexio, que achegarán a súa experiencia no cargo.

4. Será potestativo das demarcacións territoriais conformar un consello asesor no seu ámbito de actividade e competencias.

#### *Sección 6.<sup>a</sup> Comité Deontolóxico*

##### *Artigo 48. Composición e competencias.*

1. O Comité Deontolóxico é o órgano encargado de instruír os procedementos disciplinarios dentro da vía corporativa, exclusivamente sobre os colexiados que incumpran os deberes profesionais ou corporativos, e propoñer á Xunta de Goberno a adopción das sancións correspondentes previstas nos estatutos e no Regulamento xeral de réxime interior. Para isto goza de autonomía respecto aos demais órganos e poderá solicitar todos cantos antecedentes e documentos precise para o desenvolvemento da súa función.

2. Está composto, con carácter permanente, por un presidente e un vicepresidente, elixidos por e entre os membros do Consello de Decanos. Ademais, e para cada caso, por outros dous colexiados membros da Xunta Directiva da Demarcación correspondente á demarcación á cal estea adscrito o colexiado obxecto do procedemento, e un membro da Xunta de Goberno.

3. Establecerase no Regulamento xeral de réxime interior o procedemento de recusación, así como os supostos de incompatibilidade ou renuncia dos seus membros. Os membros da Xunta de Goberno que formen parte do Comité Deontolóxico deberán absterse nas votacións do dito órgano ao exercer a potestade sancionadora sobre o asunto en cuxa instrución interviñeron.

4. Para a validez dos seus acordos, no caso de faltas moi graves, será necesario o voto favorable de catro dos seus membros, e de tres para o resto das faltas; será obrigatoria a asistencia a estas reunións. A ausencia inustificada a elas supoñerá a inmediata exclusión do Comité Deontolóxico. As sesións e votacións do Comité son secretas.

5. Os acordos do Comité Deontolóxico serán sometidos á Xunta de Goberno para o exercicio da potestade sancionadora. O colexiado afectado poderá recorrer contra as resolucións sancionadoras, que quedarán en suspenso ata que se resolva a impugnación.

### CAPÍTULO V

#### **Dos órganos das demarcacións territoriais**

##### *Artigo 49. Órganos das demarcacións territoriais.*

Os órganos das demarcacións territoriais son os seguintes:

- a) A Xunta Xeral da Demarcación Territorial.
- b) A Xunta Directiva da Demarcación.

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Da Xunta Xeral da Demarcación*

##### *Artigo 50. A Xunta Xeral da Demarcación Territorial.*

1. A Xunta Xeral da Demarcación Territorial é o órgano supremo de expresión da vontade dos colexiados residentes no seu ámbito, e está constituída por todos eles. As xuntas xerais poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

2. A Xunta Xeral da Demarcación Territorial será convocada polo decano da demarcación territorial, en sesión ordinaria, unha vez tomada posesión do seu cargo, polo menos unha vez ao ano e, en sesión extraordinaria, por proposta da Xunta Directiva da Demarcación ou da sétima parte dos colexiados. Estará presidida polo decano territorial, acompañado dos demais membros da Xunta Directiva da Demarcación. Cada asistente á

Xunta da Demarcación Territorial poderá exercer as representacións de colexiados que se establezan no Regulamento da demarcación territorial.

3. Para que estea validamente constituída e os seus acordos sexan vinculantes, cómpre que concorra á Xunta Xeral Ordinaria da Demarcación Territorial, entre presentes e representados, e vote a favor do acordo, en primeira convocatoria, a maioría absoluta. En segunda convocatoria serán válidos os acordos adoptados por maioría, calquera que sexa o número de asistentes. Estas regras non serán de aplicación no suposto regulado no artigo 79 destes estatutos, caso en que rexerán as establecidas nel.

4. Poderá emitir voto de censura contra a actuación da Xunta Directiva da Demarcación, en sesión extraordinaria solicitada para o efecto, que obriga á celebración de referendo sobre a continuidade daquela. Se o referendo ratifica o voto de censura, a Xunta Directiva da Demarcación cesará e elixirase unha nova.

5. Os membros da Xunta de Demarcación poderán percibir compensación en forma de axudas de custo e gastos en función das reunións ou actividades asumidas na súa función.

### *Sección 2.<sup>a</sup> Da Xunta Directiva da Demarcación.*

#### *Artigo 51. A Xunta Directiva da Demarcación.*

1. A Xunta Directiva da Demarcación é o órgano executivo, de dirección e administración da demarcación territorial, dentro da súa competencia.

2. Está composta polo decano territorial, vicedecano territorial, secretario xeral territorial, tesoureiro e o número de vogais que determine o Regulamento da demarcación territorial, que serán elixidos por períodos de catro anos e reelixibles sen ningunha limitación. A propia Xunta Directiva da Demarcación asignará aos seus membros as funcións dos delegados de actividades territoriais. O seu secretario é o secretario da demarcación territorial.

3. As sesións ordinarias terán a periodicidade que estableza o regulamento particular. As extraordinarias convocaranse por iniciativa do decano territorial ou do número de vogais que se fixe naquel. Para que queden constituídas, cómpre a presenza da metade dos seus membros.

4. A Xunta Directiva enviará copia dos seus acordos á Xunta de Goberno, no prazo que se determine no Regulamento xeral de réxime interior, e tamén información sobre as actuacións dos órganos da demarcación, para efectos da elaboración da memoria anual do Colexio.

#### *Artigo 52. Competencias da Xunta Directiva da Demarcación.*

Atribúenselle á Xunta Directiva da Demarcación as seguintes competencias propias, salvo avocación da Xunta de Goberno, de conformidade co previsto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, en casos graves ou excepcionais:

- a) Exercer a representación colexiada na demarcación territorial.
- b) Nomear representantes en organismos e entidades de ámbito limitado ao territorio representado pola demarcación territorial.
- c) Manifestar oficial e publicamente a opinión da demarcación territorial en temas relacionados con ela.
- d) Presentar estudos, informes e ditames ante autoridades e organismos do ámbito da demarcación territorial.
- e) Acordar a presentación de alegacións e reclamacións administrativas e propoñer á Xunta de Goberno a interposición de recursos administrativos e xurisdicionais.
- f) Cumprir e facer cumprir na demarcación territorial os estatutos, regulamentos e acordos dos órganos colexiais.
- g) Someter asuntos a coñecemento, información e referendo; neste último caso, dentro da súa competencia.

- h) Manter actualizadas, en coordinación coa Secretaría Xeral, as listas de colexiados adscritos á demarcación territorial.
- i) Mediar, por instancia das partes interesadas, nas discrepancias que poidan xurdir sobre o cumprimento das obrigas dimanantes das encargas e dos contratos.
- j) Conciliar ou arbitrar en cuestións que por motivos profesionais se susciten entre os colexiados da demarcación territorial, cando así o soliciten os interesados.
- k) Servir de canle ante os órganos xerais para os colexiados adscritos á demarcación territorial e para os demais colexiados respecto dos asuntos dentro do seu ámbito e competencia.
- l) Tramitar os expedientes de admisión de novos colexiados.
- m) Facilitarlles aos tribunais de ámbito limitado á demarcación territorial a relación de colexiados que poidan ser requiridos para intervir como peritos nos asuntos xudiciais, ou sinalalos por si mesma en coordinación coa Secretaría Xeral, segundo proceda.
- n) Organizar actividades de carácter profesional, formativo e cultural.
- o) Controlar o funcionamento dos servizos da demarcación territorial.
- p) Negociar todo tipo de subvencións e ingresos, e administrar o orzamento da demarcación territorial.
- q) Crear comisións abertas no seu ámbito por iniciativa propia ou obrigatoriamente por petición do número de colexiados que se fixe no regulamento da demarcación territorial.
- r) Formar comisións e grupos de traballo sobre temas específicos.
- s) Redactar o resumo de actividades, para a súa publicación no boletín de información e na memoria de actividades.
- t) Presentar á Xunta de Goberno as propostas de orzamentos da demarcación territorial e as liquidacións provisionais e definitivas da aplicación daqueles.
- u) Trasladar a sede da demarcación territorial.

#### Artigo 53. *Atribucións da Xunta Directiva da Demarcación.*

Son atribucións da Xunta Directiva da Demarcación, salvo avocación pola Xunta de Goberno, de conformidade co previsto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as seguintes:

1. Exercer a representación do Colexio ante os colexiados residentes no ámbito da demarcación territorial.
2. Exercer a representación do Colexio ante os particulares e empresas no seu ámbito territorial e ante as autoridades e organismos de ámbito autonómico e local, e ante os periféricos da Administración xeral do Estado, poñendo en coñecemento da Xunta de Goberno as actuacións correspondentes.
3. Intervir nos asuntos da competencia da Xunta de Goberno que só afecten a demarcación territorial, por acordo expreso daquela.

#### Artigo 54. *Membros da Xunta Directiva da Demarcación.*

1. Son membros da Xunta Directiva da Demarcación os elixidos por sufraxio universal, igual, directo e secreto; son electores os colexiados adscritos a esta, sobre candidaturas completas, e elixibles os colexiados que, reunindo os requisitos para seren electores, teñan unha antigüidade mínima de dous anos.
2. As vacantes de vogal serán cubertas segundo dispoña o Regulamento da demarcación territorial.
3. A dimisión da Xunta Directiva da Demarcación debe ser presentada por esta á Xunta Territorial da Demarcación, para a súa aceptación ou rexeitamento, cesando no primeiro caso ou continuando no segundo. En caso de cesamento en pleno da Xunta Directiva da Demarcación, a Xunta de Goberno farase cargo provisionalmente das súas funcións e convocará eleccións no prazo dun mes para o resto do mandato.

*Artigo 55. Do decano territorial.*

1. O decano territorial preside a Xunta Directiva da Demarcación, a Xunta da Demarcación e calquera reunión colexial a que asista no ámbito da demarcación territorial, dirixirá o debate e poderá exercer o voto de calidade. É o representante da demarcación territorial e do decano presidente do Colexio nas condicións xa indicadas.

2. Correspóndelle sancionar e executar os acordos da Xunta Directiva da Demarcación, convocar referendo, enquisas e autorizar os escritos, informes e comunicacións promovidos no seu ámbito, visar as certificacións que expida o secretario territorial, dirixir os servizos da demarcación territorial e promover a acción colexial no seu ámbito.

3. En asuntos de intrusión e competencia profesional está facultado para presentar alegacións administrativas no ámbito da demarcación territorial e para propoñer á Xunta de Goberno a interposición de recursos administrativos e xurisdicionais, dando conta posteriormente disto á Xunta Directiva da Demarcación.

4. O decano territorial dirixe a acción da Xunta Directiva da Demarcación e coordina as funcións dos seus membros, sen prexuízo da competencia e responsabilidade directa destes na súa xestión.

5. En caso de ausencia, enfermidade, suspensión, cesamento e falecemento, substitúeo o vicedecano territorial, nos dous últimos supostos polo resto do mandato, e noutros casos por delegación regulamentaria.

6. Nas provincias que non sexan sede de demarcación territorial, poderá haber un representante provincial no caso de que o número de colexiados da dita provincia o faga conveniente, elixido por e entre os colexiados residentes na provincia respectiva.

## CAPÍTULO VI

**Das institucións do Colexio, dos servizos xerais e das demarcacións territoriais***Artigo 56. Institucións do Colexio.*

1. Ao abeiro das disposicións vixentes para o efecto, e para o cumprimento dos seus fins, o Colexio pode promover e patrocinar institucións con personalidade xurídica propia, tales como fundacións e outros entes sen ánimo de lucro.

2. Para a adecuada relación co Colexio, as bases de creación e os estatutos de constitución das ditas institucións deben cumprir as seguintes condicións:

a) Terán dereito a pertencer a estas institucións todos os colexiados que cumpran os requisitos fixados para o efecto.

b) Nos seus órganos directivos terá representación a Xunta de Goberno do Colexio.

c) O orzamento da institución deberá atender ao principio de autosuficiencia, sen prexuízo de que o Colexio poida contribuír en proporción aos colexiados inscritos, con carácter xeral ou para finalidades determinadas.

3. O Colexio poderá axudar ao desenvolvemento da institución coa prestación de locais e persoal.

4. Os acordos e as actividades das institucións publicaranse e quedarán reflectidos na memoria de actividades do Colexio.

*Artigo 57. Servizos xerais do Colexio.*

Os servizos xerais do Colexio estrutúranse da seguinte forma:

a) O de preparación e aplicación dos acordos da Xunta de Goberno referentes ao exercicio da profesión, que desempeñará a Secretaría Xeral.

b) O servizo técnico, que atenderá as cuestións específicas do exercicio profesional de enxeñeiro técnico de telecomunicación que desenvolverá a Secretaría Técnica.



- c) O servizo de atención aos Colexiados e aos consumidores finais e usuarios, que atenderá as queixas e as trasladará ao órgano implicado.
- d) O Servizo de Portelo Único.
- e) Outros servizos que atenderán a ordenación e o asesoramento da profesión, así como as funcións administrativa, económica e xurídica, entre outras.

#### Artigo 58. *Secretaría Xeral Territorial.*

O persoal da Secretaría Xeral Territorial depende organicamente do secretario xeral territorial e funcionalmente do secretario xeral do Colexio. O secretario xeral territorial depende funcionalmente do decano territorial.

### CAPÍTULO VII

#### Da elección de cargos

#### Artigo 59. *Requisitos xerais.*

1. Todos os Colexiados poderán ser electores. Para o desempeño de calquera cargo Colexial, será preciso o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Estar ao día no pagamento de cotas.
- b) Non ter sido sancionado por incumprimento dos deberes Colexiais ou profesionais, a menos que a sanción fose cancelada.
- c) Estar Colexiado con, polo menos, dous anos de antigüidade.

2. As eleccións dos órganos estatutarios efectuaranse na sede central para os órganos xerais e na sede das demarcacións territoriais para os órganos destas.

#### Artigo 60. *Réxime electoral.*

- 1. O réxime electoral será o establecido no Regulamento xeral de réxime interior.
- 2. Os membros da Xunta Directiva da Demarcación serán elixidos por sufraxio universal, igual, directo e secreto, a través do mesmo procedemento establecido para a Xunta de Goberno. Serán electores e elixibles os Colexiados adscritos ao territorio.
- 3. Con motivo das eleccións publicarase un censo actualizado de Colexiados, o cal estará dispoñible para consulta na sede do Colexio a partir da data da súa convocatoria.

### CAPÍTULO VIII

#### Do réxime económico e patrimonial

#### Artigo 61. *Recursos económicos do Colexio.*

Os recursos económicos do Colexio poderán ser ordinarios e extraordinarios.

- 1. Constituirán os recursos ordinarios do Colexio:
  - a) Os produtos de bens e dereitos que correspondan en propiedade ao Colexio.
  - b) As cotas periódicas ordinarias, cuxas contías serán determinadas para cada período pola Xunta Xeral, de acordo coas propostas razoadas que, ponderando a situación económica, lle sexan presentadas pola Xunta de Goberno.
  - c) Os dereitos establecidos nas normas reguladoras da percepción Colexial por visado, que serán aprobadas pola Xunta de Goberno e que deberán ser razoables, non abusivos nin discriminatorios.
  - d) Os ingresos que se poidan obter por certificacións, ditames, asesoramentos, arbitaxes e outros, solicitados do Colexio e elaborados por este, así como polos beneficios

de publicacións e cursos promovidos polo Colexio e polos beneficios dos seus contratos e concertos con entidades públicas ou privadas.

2. Constituirán os recursos extraordinarios os seguintes:

a) As subvencións, donativos, usufrutos ou calquera axuda deste xénero que lle concedan ao Colexio o Estado, comunidades autónomas, corporacións oficiais, empresas ou particulares.

b) Os bens mobles ou inmobles que por calquera motivo entren a formar parte do patrimonio do Colexio.

c) As cantidades que por calquera outro concepto non especificado poida percibir o Colexio.

d) As cantidades recibidas en concepto de sancións pecuniarias establecidas nestes estatutos.

Artigo 62. *Patrimonio do Colexio.*

O patrimonio do Colexio é único, aínda que o uso dos seus bens pode estar adscrito aos órganos xerais ou ás demarcacións territoriais.

Artigo 63. *Recadación dos recursos económicos.*

As recadacións dos recursos económicos do Colexio son competencia propia da Xunta de Goberno e poderán delegarse as seguintes na Xunta Directiva da Demarcación:

1. As establecidas para fins e actividades formativos no seu ámbito territorial.

2. Os dereitos por estudos, informes e ditames que emita a Xunta Directiva da Demarcación.

3. Os dereitos derivados da captación de convenios.

Artigo 64. *Orzamento xeral do Colexio.*

1. O orzamento xeral do Colexio elaborárase segundo os principios de eficacia e economía, e incluíra a totalidade dos ingresos e gastos colexiais para o ano económico, que coincidirá co natural.

2. Correspóndelle á Xunta de Goberno, logo de presentación dos proxectos de orzamentos dos servizos xerais, institucións e demarcacións territoriais, a elaboración do orzamento xeral e a súa presentación á Xunta Xeral.

3. Mentres non se aprobe o orzamento, quedará automaticamente prorrogado o anterior.

4. No orzamento xeral haberá asignacións diferenciadas para os órganos e servizos xerais, institucións e demarcacións territoriais, tendo en conta o número de colexiados adscritos, as recadacións delegadas, os gastos producidos e as diversas actividades promovidas con relación ao ano anterior, introducindo factores de ponderación e un termo constante.

5. Co fin de corrixir desequilibrios e facer efectivo o principio de solidariedade, haberá no orzamento xeral un fondo de compensación interterritorial administrado pola Xunta de Goberno que complementará, se é o caso e por circunstancias singulares, as asignacións previstas no número anterior. Para este efecto, destinarase entre un un (1) e un dous (2) por cento do dito orzamento anual.

6. O orzamento xeral de gastos e a memoria anual comunicaránse a todos os colexiados. Así mesmo, a memoria farase pública de conformidade co disposto no artigo 11.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.

Artigo 65. *Administración do orzamento.*

A administración do orzamento dos órganos, servizos xerais e institucións estará a cargo da Xunta de Goberno, e o de cada demarcación territorial a cargo da súa xunta directiva da

demarcación. O saldo remanente anual dunha demarcación territorial será acumulable a exercicios seguintes e formará parte do seu orzamento particular.

## CAPÍTULO IX

### Do réxime disciplinario

#### Artigo 66. *Réxime disciplinario.*

Por virtude da súa colexiación, os colexiados quedan sometidos ao réxime disciplinario do Colexio, que integra as facultades de prevención e sanción, exclusivamente, das infraccións dos deberes colexiais e da deontoloxía profesional, fixados con carácter xeral.

As sociedades profesionais que se encontren inscritas no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio estarán sometidas ao presente réxime disciplinario e poderán ser sancionadas no caso de contravir as obrigas que deban cumprir.

1. A Xunta de Goberno e, se é o caso, o decano presidente e os decanos territoriais poderán sancionar os membros do Colexio por todos aqueles actos ou omisións en que incorran e que sexan cualificados como falta nos termos contidos nos artigos 70 a 72 destes estatutos, ambos incluídos.

2. A imposición de calquera sanción disciplinaria exige a formación previa de expediente, no cal terá, en todo caso, audiencia o interesado. Este expediente pódese iniciar por denuncia da Xunta de Goberno, ou en virtude da presentada ante esta por calquera outro órgano corporativo ou por colexiados ou outras persoas, que deberán sinalar en calquera caso as faltas e xuntar as probas oportunas. A Xunta de Goberno dará traslado ao Comité de Deontoloxía, que rexeitará as denuncias que non reúnan os ditos requisitos.

3. No caso de que a denuncia sexa presentada ante a Xunta Directiva da Demarcación, esta deberá remitila no prazo dun mes á Xunta de Goberno, órgano competente en calquera caso para dar traslado das denuncias interpostas ao Comité de Deontoloxía, que rexeitará as denuncias que non reúnan os requisitos exixidos no número 2 deste artigo.

4. Se a Xunta Directiva da Demarcación non dá traslado da denuncia no prazo indicado, o denunciante poderá reiterar a denuncia directamente ante a Xunta de Goberno, quen poñerá inmediatamente os feitos en coñecemento do Consello de Decanos, co fin de decidir se procede apercibir a Xunta Directiva da Demarcación.

#### Artigo 67. *Dereitos dos colexiados expedientados.*

1. Os colexiados suxeitos a expediente disciplinario terán os seguintes dereitos:

- a) Presunción de inocencia.
- b) Ser notificados dos feitos que se lles atribúan, das infraccións que poidan constituír, das sancións que poidan ser impostas, da identidade dos membros do Comité de Deontoloxía, que actuará como órgano instructor, do órgano competente para impoñer a sanción e do réxime de recusación que proceda.
- c) Non ser sancionados por feitos que xa fosen sancionados penalmente.
- d) Absterse de declarar na súa contra.

2. As notificacións serán efectuadas no domicilio persoal que o colexiado lle comunicase ao Colexio. De non se poder levar a cabo a notificación, realizarase mediante entrega persoal por un empregado do Colexio e se, malia isto, non se pode realizar, entenderase efectuada aos 15 días do seu anuncio no taboleiro de edictos do Colexio.

Artigo 68. *Expedientes disciplinarios.*

1. A apertura do expediente poderá estar acompañada da adopción, pola Xunta de Goberno, mediante resolución motivada e logo de audiencia ao interesado, de medidas preventivas de carácter cautelar.

2. A tramitación do expediente deberá ser suspendida ata que se dite resolución xudicial firme cando se estea tramitando un procedemento penal polos mesmos feitos constitutivos do expediente.

3. Con carácter excepcional, establécese un procedemento abreviado para a imposición de sanción disciplinaria correspondente a faltas leves, cuxa resolución adoptará directamente o órgano sancionador, logo de audiencia do interesado e de conformidade cos principios establecidos nos artigos 66 e 67 dos presentes estatutos.

4. No prazo dun mes desde a apertura do expediente sancionador, o órgano instrutor deberá formular e notificar ao interesado o correspondente prego de cargos, que comprenderá os feitos imputados ao inculpado; a infracción presuntamente cometida e o precepto que a tipifica; as sancións que se lle poidan impoñer, con cita expresa dos preceptos dos estatutos do Colexio; a identidade dos membros do órgano instrutor; o órgano competente para impoñer a sanción e a mención de que poderá formular escrito de alegacións no prazo do 15 días desde a súa notificación.

5. O inculpado poderá contestar formulando as alegacións que considere pertinentes, achegando os documentos que considere de interese e propoñendo calquera medio de proba admisible en dereito que considere necesario para a súa defensa.

6. O órgano instrutor dispoñerá do prazo dun mes para efectuar as probas que considere pertinentes. A denegación da admisión e práctica dalgunha proba proposta requirirá unha resolución motivada e notificada ao inculpado. A resolución será impugnabile cando determine a imposibilidade de continuar o procedemento ou produza indefensión. Nos demais casos, o inculpado poderá efectuar alegacións co obxecto de que sexan tidas en conta na resolución final ou nos posibles recursos contra ela. A práctica das probas admitidas será notificada ao interesado, co fin de que poida intervir nelas.

7. No prazo do 10 días hábiles desde a conclusión do período de proba, o órgano instrutor formulará e notificará ao interesado a correspondente proposta de resolución, que deberá conter a relación dos feitos, a súa cualificación xurídica, a posible infracción cometida, a posible responsabilidade do inculpado e a proposta de sanción que se vaia impoñer.

8. A proposta de resolución notificaráselle ao inculpado que, en 10 días hábiles, con toma de razón do expediente, poderá alegar ante o órgano instrutor canto considere conveniente na súa defensa.

9. O órgano instrutor, oído o inculpado ou transcorrido o prazo anterior, remitirá en cinco días hábiles a proposta de resolución xunto co expediente á Xunta de Goberno para a súa resolución.

10. A Xunta de Goberno ditará e notificará resolución motivada no prazo de 30 días hábiles desde a recepción da proposta de resolución, en que poñerá fin ao procedemento e resolverá todas as cuestións formuladas no expediente, sen que poida aceptar feitos distintos aos que serviron de base ao prego de cargos e proposta de resolución.

11. Na deliberación e adopción do acordo non intervirán os que actuasen na fase de instrución como membros do órgano instrutor do expediente.

12. Contra a resolución ditada pola Xunta de Goberno, os interesados poderán interpoñer o recurso potestativo de reposición, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou, de ser o caso, nas normas que a complementen ou substitúan, ou acudir directamente á xurisdición contencioso-administrativa.

13. A Xunta de Goberno poñerá a resolución sancionadora en coñecemento do Comité de Deontoloxía e proporcionará os medios para a súa execución e notificación ao colexiado, á Xunta Directiva da Demarcación do lugar de realización dos feitos e, se é o caso, de adscrición do colexiado expedientado, así como dos denunciante.

14. Non se poderá recorrer contra os acordos de apertura de expediente disciplinario.

15. En caso de que antes ou durante a iniciación do expediente disciplinario se considere que os feitos poden ser constitutivos de delito, poñerase en coñecemento do Ministerio Fiscal e suspenderanse, se é o caso, as actuacións disciplinarias ata a súa resolución na xurisdición penal.

Artigo 69. *Clasificación das faltas.*

1. As faltas clasifícanse en leves, graves e moi graves.
2. O decano presidente e os decanos territoriais son competentes para impoñer as sancións que correspondan ás faltas leves.
3. A Xunta de Goberno é competente para impoñer as sancións que correspondan ás faltas graves ou moi graves.
4. O acordo de suspensión de colexiación por máis de seis meses ou o de expulsión deberá ser adoptado pola Xunta de Goberno, mediante votación secreta, coa conformidade das dúas terceiras partes dos seus membros. A asistencia a estas sesións será obrigatoria para todos os seus compoñentes, que poderán ser apercibidos por escrito polo decano presidente en caso de ausencia inxustificada.

Artigo 70. *Faltas leves.*

Son faltas leves:

- a) A negligencia no cumprimento das obrigas recollidas nestes estatutos e nos regulamentos.
- b) Non facilitar os datos persoais que se teñan que subministrar ao Colexio, ou facelo faltando á verdade.
- c) Non lle facilitar ao cliente a información prevista no artigo 22.2 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, no que lles sexa aplicable.
- d) Os actos enumerados no artigo seguinte, cando non teñan a suficiente entidade para ser considerados faltas graves.
- e) A ausencia inxustificada dos seus membros ás reunións da Xunta de Goberno, cando sexa preceptiva a súa asistencia e así se lles notifique expresamente.

Artigo 71. *Faltas graves.*

1. Son faltas graves:
  - a) As accións ou omisións que constitúan ofensa grave á dignidade ou ética profesional.
  - b) A competencia desleal, cando fose declarada expresamente polos tribunais correspondentes, por sentenza firme.
  - c) O incumprimento grave das obrigas estatutarias, das contidas nos regulamentos, ou dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno, cando non constitúan falta moi grave.
  - d) O incumprimento das obrigas económicas co Colexio.
  - e) Non someter ao visado colexial os traballos profesionais en que este sexa obrigatorio ou cando o pida o cliente.
  - f) A desconsideración manifesta cara aos compañeiros no exercicio profesional.
  - g) A embriaguez ocasional no exercicio profesional.
  - h) As accións ou omisións descritas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 72, cando non teñan a suficiente entidade para ser consideradas faltas moi graves.
  - i) O incumprimento polos socios profesionais da obriga de instar a inscrición da sociedade profesional e demais actos inscristibles.
  - j) Desatender o deber dos colexiados de informar os consumidores e usuarios sobre o desenvolvemento da súa actividade profesional.
  - k) Obrigar o cliente a que se visen aqueles traballos cando non sexa preceptivo.

l) A non convocatoria por parte de quen ocupe o cargo correspondente dos órganos do Colexio nos prazos e condicións establecidos.

m) A inactividade ou deixamento de funcións por parte dos membros da Xunta de Goberno ou outros órganos colexiais.

2. Considerarase falta grave imputable á sociedade profesional que non teña contratada unha póliza de seguro que cubra as responsabilidades nas cales puiden incurrir no exercicio da actividade ou actividades que constitúen o obxecto social, cando isto veña imposto por unha norma con rango de lei.

#### Artigo 72. *Faltas moi graves.*

1. Son faltas moi graves:

a) O atentado contra a dignidade ou a honra das persoas que constitúan a Xunta de Goberno cando actúen no exercicio das súas funcións e contra os demais compañeiros no exercicio profesional.

b) O incumprimento grave dos acordos de carácter obrigatorio adoptados pola Xunta de Goberno dentro das súas atribucións ou o incumprimento grave das obrigas establecidas nestes estatutos.

c) A comisión de delitos dolosos, en calquera grao de participación, como consecuencia do exercicio profesional.

d) A embriaguez ou toxicomanía habitual que afecte gravemente o exercicio da profesión.

e) O encubrimento da intrusión profesional cando así o determine un xuíz por sentenza firme.

f) A realización de actividades, constitución de asociacións ou pertenza a estas cando teñan fins ou realicen funcións que sexan exclusivas do Colexio.

g) A inactividade ou deixamento de funcións que supoña incumprimento reiterado por parte dos membros da Xunta de Goberno ou outros órganos colexiais dos seus deberes estatutarios e/ou regulamentarios.

2. Serán consideradas faltas moi graves imputables especificamente ás sociedades profesionais:

a) Non adaptar o seu contrato social e os seus estatutos á Lei 2/2007, do 15 de marzo, e non solicitar a súa inscrición no Rexistro de Sociedades Profesionais.

b) Non regularizar as situacións de incompatibilidade ou inhabilitación dos socios profesionais no prazo establecido na lei.

#### Artigo 73. *Sancións disciplinarias.*

As sancións disciplinarias serán as seguintes:

a) Sancións por faltas leves:

1. Apercibimento verbal ou escrito por parte do decano do Colexio.

2. Reprensión privada ou pública.

En caso de sociedades profesionais, multa ata 400 euros.

b) Sancións por faltas graves.

1. Suspensión de colexiación por un prazo non superior a seis meses.

2. Suspensión dos dereitos colexiais, incluídos o dereito de sufraxio, o de ocupar cargos colexiais e o de visado profesional, por un prazo non superior a seis meses.

No caso das sociedades profesionais:

1. Multa desde 400 euros ata 4.000 euros.
2. A baixa temporal no Rexistro de Sociedades Profesionais e a imposibilidade de visar traballos por un prazo de ata un ano.

c) Sancións por faltas moi graves.

1. Suspensión de colexiación por un prazo non superior a cinco anos.
2. Suspensión dos dereitos colexiais, incluídos o dereito de sufraxio, o de ocupar cargos colexiais e o de visado profesional, por un prazo non superior a cinco anos.
3. Expulsión do Colexio por un prazo non superior a cinco anos.

No caso das sociedades profesionais:

1. Multa desde 4.000 euros ata 8.000 euros.
2. A baixa temporal no Rexistro de Sociedades Profesionais e a imposibilidade de visar traballos por un prazo superior a un ano e ata tres anos.
3. A baixa definitiva no Rexistro de Sociedades Profesionais.

Artigo 74. *Responsabilidade disciplinaria.*

1. A responsabilidade disciplinaria dos colexiados extínguese:

- a) Polo cumprimento da sanción.
- b) Polo seu falecemento.
- c) Pola prescrición da infracción e prescrición da sanción.

2. A baixa do Colexio non extingue a responsabilidade disciplinaria contraída no período de alta. En tal caso, o expediente concluirá coa resolución que proceda, que, para o caso de ser sancionadora, quedará en suspenso de execución ata o momento en que o colexiado cause nova alta no Colexio.

3. Os sancionados poderán pedir a cancelación da nota do seu expediente persoal nos seguintes prazos contados desde o cumprimento da sanción:

- a) Se for por falta leve, aos seis meses.
- b) Se for por falta grave, aos dous anos.
- c) Se for por falta moi grave, aos catro anos.
- d) Se consiste en expulsión, o prazo será de cinco anos.

Os trámites da cancelación de antecedentes levaranse a cabo de igual forma que para o axuizamento e a sanción das faltas e con iguais recursos.

4. A anotación das sancións no expediente persoal do colexiado caducará aos seis meses en caso de falta leve, aos dous anos por falta grave, aos catro anos por falta moi grave, e aos cinco anos por expulsión, contados desde o día seguinte en que cumpriuse a sanción.

5. En canto á prescrición das infraccións e sancións, o réxime que se establece é o seguinte:

- a) As infraccións moi graves prescribirán aos dous anos; as graves ao ano e as leves aos tres meses, contados desde que a infracción se cometese.
- b) As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos; as impostas por faltas graves, aos dous anos, e as impostas por faltas leves, ao ano, contado desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola cal se impón a sanción.

Os prazos de prescrición interromperanse pola notificación ao afectado do acordo de apertura de información previa ou do procedemento disciplinario, e reiniciaranse se este estiver paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao colexiado.

Artigo 75. *Réxime supletorio.*

No non previsto no presente capítulo rexerán como supletorias as leis 39/2015, do 1 de outubro, e 40/2015, do 1 de outubro.

## CAPÍTULO X

### Réxime xurídico dos actos colexiais

Artigo 76. *Recursos contra os actos colexiais.*

1. Contra os actos emanados dos órganos xerais do Colexio procede recurso de reposición ante o mesmo órgano.

2. Contra os actos dos órganos da demarcación cabe recurso de alzada ante a Xunta de Goberno.

3. Os ditos recursos interpoñeranse no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do acto. En relación con estes recursos será de aplicación supletoria o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. Unha vez esgotada a vía corporativa, os actos suxeitos ao dereito administrativo serán directamente impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto no artigo 8 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.

Artigo 77. *Nulidade dos actos colexiais.*

1. Os actos colexiais serán nulos de pleno dereito ou anulables nos casos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Serán tamén nulos, os acordos, as decisións e as recomendacións que, estando prohibidos en virtude do disposto na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, non estean amparados pola debida exención legal.

## CAPÍTULO XI

### Modificación dos estatutos, segregación das demarcacións territoriais e disolución do Colexio

Artigo 78. *Modificación dos estatutos.*

A reforma dos estatutos só se poderá verificar por acordo da Xunta Xeral extraordinaria, que deberá ser adoptado por maioría das tres cuartas partes dos colexiados, entre asistentes e representados, por proposta da Xunta de Goberno, logo do informe do Consello de Decanos. Posteriormente, remitirase á Administración pública competente para a súa tramitación legal. Deste réxime especial de maioría quedan excluídas as modificacións impostas pola Administración como requisito de legalidade para a aprobación dos estatutos polo Consello de Ministros.

Artigo 79. *Da segregación das demarcacións.*

1. Unha vez constituída unha demarcación territorial de acordo co procedemento previsto no artigo 20 destes estatutos e no Regulamento xeral de réxime interior, os colexiados adscritos a ela poderán acordar a súa segregación para constituír un colexio independente.

2. Para tal efecto, cando a Xunta Directiva da Demarcación así o acorde, por propia iniciativa, ou porque llo solicite polo menos unha sétima parte dos colexiados, someterá a segregación a todos os colexiados desa demarcación mediante a convocatoria dunha xunta extraordinaria para tal fin.



3. A Xunta Xeral extraordinaria só se entenderá validamente constituída se concorre a ela, tanto en primeira como en segunda convocatoria, a metade máis un dos colexiados domiciliados na demarcación territorial, entre presentes e representados. O réxime de representación será o mesmo que o establecido no artigo 28 para a Xunta Xeral do Colexio. O acordo de segregación só se entenderá validamente adoptado se dous terzos dos colexiados domiciliados na demarcación, entre presentes e representados, votan en sentido favorable á segregación.

4. O acordo de segregación comunicaráse á Xunta de Goberno do Colexio co fin de que esta convoque a Xunta Xeral para que se pronuncie a favor ou en contra da proposta. De ser favorable o acordo, este remitirase, xunto coa proposta de segregación acordada pola demarcación, ao ministerio competente, solicitándolle a tramitación do real decreto polo que se aprobe a segregación da demarcación de que se trate do Colexio estatal. A segregación terá efectividade a partir da entrada en vigor da resolución autonómica de creación do colexio autonómico.

5. A segregación de demarcacións para formar un colexio independente non implicará o cambio de denominación do Colexio estatal. O Colexio estatal manterá a súa personalidade xurídica e continuará tendo a titularidade do seu patrimonio. Todo isto sen prexuízo de que a Xunta de Goberno do Colexio estatal acorde facilitar recursos económicos que permitan iniciar a andaina do novo Colexio.

6. Entenderase que o novo Colexio autonómico comeza a funcionar tras seren aprobados os seus estatutos e elixidos os seus cargos. Quen resulte elixido como decano do Colexio autonómico deberá comunicar esta circunstancia á Xunta de Goberno do Colexio estatal. Nese momento, os colexiados domiciliados nesa comunidade autónoma pasarán a pertencer ao colexio autonómico, salvo que manifesten expresamente á Xunta de Goberno do Colexio estatal a súa vontade de pertencer simultaneamente a ambos; neste caso, esta adoptará o correspondente acordo nese sentido. Nese suposto, o colexiado poderá visar en calquera dos colexios a que pertenza.

7. A creación dun colexio autonómico comportará a necesidade de crear un Consello Xeral de Colexios. Mentres este non se constitúa e entre en funcionamento, o Colexio estatal asumirá de forma interina as súas funcións.

#### Artigo 80. *Disolución do Colexio.*

Para proceder á proposta de disolución do Colexio será preciso que o pidan á Xunta de Goberno, por escrito razoado, o 50 por cento dos colexiados individual ou colectivamente. Recibida esta petición, a Xunta de Goberno dará conta ao Consello de Decanos e procederá á inmediata convocatoria dunha xunta xeral extraordinaria, que se anunciará, cando menos, con 30 días de anticipación, sinalando o obxecto da convocatoria en tres diarios nacionais e no «Boletín Oficial del Estado» e por medio de circulares a todos os colexiados. Para que o acordo de proposta de disolución sexa válido, será preciso que o sancione, polo menos, o 70 por cento dos colexiados. Unha vez proposta a disolución, a Xunta de Goberno someterá á Xunta Xeral, con antelación á votación, o destino que se debe dar aos bens e fondos do Colexio. Acordada a disolución, a Xunta Xeral nomeará a comisión liquidadora correspondente.

#### Artigo 81. *Comunicación da disolución do Colexio.*

O acordo de disolución comunicaráse ao ministerio co cal manteña relación, para a súa aprobación definitiva.

## CAPITULO XII

**Disposicións complementarias***Artigo 82. Portelo único.*

1. O Colexio dispoñerá dunha páxina web para que, a través do portelo único previsto na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, os profesionais poidan realizar todos os trámites necesarios para a colexiación, o seu exercicio e a súa baixa no Colexio, a través dun único punto, por vía electrónica e a distancia.

Concretamente, o Colexio fará o necesario para que, a través deste portelo único, os profesionais poidan de forma gratuíta:

- a) Obter toda a información e os formularios necesarios para o acceso á actividade profesional e o seu exercicio.
- b) Presentar toda a documentación e solicitudes necesarias, incluída a da colexiación.
- c) Coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que teña consideración de interesado e recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e a súa resolución polo Colexio, incluída a notificación dos expedientes disciplinarios cando non sexa posible por outros medios.
- d) Convocar os colexiados ás xuntas xerais ordinarias e extraordinarias e poñer no seu coñecemento a actividade pública e privada do colexio profesional.

2. A través do referido portelo único, para a mellor defensa dos dereitos dos consumidores e usuarios o Colexio ofrecerá a seguinte información, de maneira clara, inequívoca e gratuíta:

- a) O acceso ao Rexistro de Colexiados, regulado no artigo 12 destes estatutos.
- b) O acceso ao Rexistro de Sociedades Profesionais, regulado no artigo 15 destes estatutos.
- c) As vías de reclamación e os recursos que se poderán interpoñer en caso de conflito entre o consumidor ou usuario e un colexiado ou o Colexio profesional.
- d) Os datos das asociacións ou organizacións de consumidores e usuarios ás cales os destinatarios dos servizos profesionais se poden dirixir para obter asistencia.
- e) O contido do código deontolóxico do Colexio.

3. O Colexio deberá adoptar as medidas necesarias para o cumprimento do previsto neste artigo e incorporar para isto as tecnoloxías precisas que garantan a interoperabilidade entre os distintos sistemas e a accesibilidade das persoas con discapacidade.

*Artigo 83. Servizo de atención aos colexiados e aos consumidores ou usuarios.*

1. O Colexio atenderá as queixas ou reclamacións presentadas polos colexiados.
2. Así mesmo, dispoñerá dun servizo de atención aos consumidores ou usuarios, que necesariamente tramitará e resolverá cantas queixas e reclamacións referidas á actividade colexial ou dos colexiados presente calquera consumidor ou usuario que contrate os servizos profesionais dos seus colexiados, así como por asociacións e organizacións de consumidores e usuarios na súa representación ou en defensa dos seus intereses.
3. O Colexio, a través deste servizo de atención aos consumidores ou usuarios, resolverá sobre a queixa ou reclamación segundo proceda: ben informando sobre o sistema extraxudicial de resolución de conflitos, ben remitindo o expediente aos órganos colexiais competentes para sancionar, ben arquivando ou ben adoptando calquera outra decisión segundo corresponda.
4. No Regulamento xeral de réxime interior regularase este servizo e preverase expresamente a presentación de queixas e reclamacións por vía electrónica e a distancia.

Artigo 84. *Memoria anual.*

1. O Colexio deberá elaborar unha memoria anual que conteña a información seguinte:

a) Informe anual de xestión económica, que inclúa os gastos de persoal suficientemente desagregados e especifique a suma total das axudas de custo ou gastos recibidas polos membros da Xunta de Goberno en razón do seu cargo.

b) Importe das cotas aplicables aos conceptos e servizos prestados de todo tipo, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en instrución ou firmes, con indicación da infracción a que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta, se é o caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios, da súa tramitación e, se é o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

e) Os cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos e a vía para o acceso ao seu contido íntegro, en caso de dispoñer deles.

f) Normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se encontren os membros das xuntas de goberno.

g) Información agregada e estatística sobre a súa actividade de visado e, en particular, as causas de denegación de visado. Cando proceda, os datos presentaranse desagregados territorialmente por corporacións.

2. A memoria anual deberá facerse pública a través da páxina web no primeiro semestre de cada ano.